

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO ALBARIÑO I, NOS CONCELLOS DE BAIONA, OIA E TOMIÑO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR CEÓLICA HISPANIA, SLU (CLAVE: 2020/0241)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.d) que os proxectos incluídos no apartado 2 do artigo 7 serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre os proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da lei, que no seu grupo 4.g recolle os parques eólicos non incluídos no anexo I, agás aqueles destinados ao autoconsumo que non excedan os 100 kW. Este sería o caso da actuación pretendida, dado que non se atopa entre os supostos de parques eólicos do anexo I e polo tanto sería obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Porén, o promotor solicita o sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria con base no referido artigo 7.1.d) da Lei 21/2013.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA) de acordo co disposto no artigo 41 da dita lei.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Ceólica Hispania, SLU e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Antecedentes, obxecto do proxecto, descrición e localización

O parque eólico Albariño I foi admitido a trámite por Resolución da entón Consellería de Innovación e Industria do 29 de xaneiro de 2007.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental (DIA) do dito parque eólico o 16.12.2011 (publicada no DOG núm. 59 do 26.03.2012), ao abeiro da normativa vixente naquel momento (Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos).

Ese proxecto non chegou a desenvolverse, polo que o promotor, logo de terse superado o prazo previsto na disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, plantexou a reformulación do mesmo cunha potencia total similar á orixinal pero cun menor número de aeroxeradores de maior potencia unitaria e un modelo máis actualizado.

Neste contexto, presentou ante o órgano substantivo unha solicitude de modificación substancial do proxecto e solicitou a tramitación do procedemento de autorización administrativa previa e de construción ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na redacción dada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



Segundo o estudo de impacto ambiental (EslA) sometido a información pública no marco do referido procedemento de autorización, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 25,28 MW de potencia total nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra), composto por 6 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe dos aerogeradores, gabias do cableado, subestación transformadora 30/132 kV, edificio de control e dúas torres meteorolóxicas, unha temporal e outra permanente).

A poligonal de delimitación do proxecto vén definida polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértice da poligonal	UTM X	UTM Y
1	513.055,489	4.658.784,592
2	515.874,567	4.658.784,589
3	517.257,942	4.654.634,528
4	514.488,222	4.654.634,527
5	514.243,787	4.655.192,425
6	514.079,094	4.655.302,717
7	513.904,671	4.655.294,947
8	513.875,620	4.655.397,038
9	513.890,799	4.655.468,290
10	513.578,715	4.655.392,848
11	513.612,345	4.655.489,900
12	513.812,591	4.655.944,173
13	513.812,591	4.656.033,107
14	512.998,966	4.657.825,036
15	513.055,491	4.658.178,174


As características principais do parque son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 6
- Modelo: Nordex N149 IECS
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW (regulada a 4.200 e 4.280 kW)
- Potencia total: limitada a 25,28 MW
- Altura de buxa: 125 m
- Diámetro de rotor: 149 m

O proxecto inclúe ademais a infraestrutura de evacuación da enerxía producida no parque, composta por unha pequena liña eléctrica aérea a 132 kV, duns 43 m de lonxitude sobre un único apoio metálico, desde a subestación do parque (denominada SET Barrantes) ata a LAT 132 kV Gondomar - O Rosal, que discorre polas inmediacións.

Na seguinte figura móstrase a configuración do proxecto reflectida no EslA:





2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

Tal e como se recolle no apartado de *Antecedentes*, o proxecto do parque eólico Albariño I non chegou a desenvolverse, polo que unha vez transcorrido o prazo previsto na disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o promotor plantexou unha reformulación do mesmo ao abeiro da normativa actual.

Así, o 13.12.2019 Ceólica Hispania, SLU (actual titular do expediente) presentou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas unha solicitude de modificación substancial do proxecto do parque, ao abeiro do artigo 39 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 5.11.2020 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, para continuar co procedemento de autorización administrativa previa e de construción do parque, solicita ao órgano ambiental a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe sobre o estudo de impacto ambiental (EsiA) segundo o disposto no artigo 33.4 da referida Lei 8/2009. Achegan para iso, xunto coa solicitude do promotor, un EsiA e un proxecto de execución.





O 14.12.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático remitiulle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unha serie de aspectos a ter en conta na tramitación da AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o EsIA) e sobre o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Así mesmo, comunicoulle que á vista da solicitude e documentación remitidas e unha vez revisado o expediente obrante no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, consideraba oportuno proceder á cancelación do expediente ambiental preexistente e á apertura dun novo expediente ao respecto da nova solicitude.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de xullo de 2021, acordou declarar o proxecto como iniciativa empresarial prioritaria ao abeiro do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Así mesmo, por Resolución do 17 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico Albariño I

Mediante Resolución do 22 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (publicada no DOG núm. 207, do 27.10.2021), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico), a declaración de utilidade pública, o proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Albariño I. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou, entre outros, o trámite de consultas sobre o EsIA.

O 9.06.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, diversa documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, cabe destacar o contido dos seguintes:
 - O Instituto de Estudos do Territorio (IET) emite un informe no que, tras recoller o marco legal, efectúa unha breve descrición do proxecto e do contido do EsIA. Describe logo as características da paisaxe afectada, indicando entre outras cuestións que o proxecto se sitúa sobre a área de especial interese paisaxístico (AEIP) Serra da Groba, agás a SET e o edificio de control. A 1,7 km atópase a AEIP Devesa da Costa, a 6,4 km a de Montes do Facho e Tetón, a 4,4 km a AEIP Corroubelo e a 5,1 a de Chan da Valga. Dentro da propia AEIP Serra da Groba atópase o miradoiro Monte da Groba, a escasos 80 m dun dos aeroxeradores. Destaca que os aeroxeradores sitúanse en ámbitos de visibilidade alta ou moi alta desde as zonas de maior potencial de vistas da contorna segundo o Catálogo das paisaxes de Galicia. Da análise do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) e do estudo de sinerxias incluídos no EsIA pódese concluir que a afección visual á AEIP Serra da Groba é do 90%, e ás outras mencionadas, do 87%, 67%, 89% e 85% respectivamente, que chega ao 100% en tres delas tendo en conta o estudo de sinerxias. O EIIP cualifica o impacto sobre a paisaxe de moderado, sinalando o IET que esa valoración e as medidas preventivas propostas non resultan coherentes coas análises realizadas.





Rematando xa o informe, indica que en base á documentación achegada constátase un forte impacto sobre as Áreas de especial interese paisaxístico Serra da Groba, Corroubelo e Chan da Valga, que resulta crítico toda vez que nesta zona do territorio os aeroxeradores constitúen elementos novos na paisaxe, diminuíndo drasticamente o valor estético e panorámico das citadas AEIP. As medidas preventivas e correctoras propostas (centradas na procura de minorar os impactos sobre o solo no referente á vexetación e á erosión e nos labores de revexetación) non abundan para reducir ou evitar o dito impacto. Conclúe o Instituto que o proxecto producirá uns impactos críticos sobre a paisaxe, que alterarían de forma irreversible os valores das AEIP máis afectadas, sen que tales efectos poidan mitigarse con ningún tipo de medida correctora.

O promotor responde ao dito informe cun escrito no que efectúa diversas consideracións sobre o seu contido e, en esencia, manifesta o seu desacordo. O IET contesta pormenorizadamente ao dito escrito mediante un novo informe, no que en síntese ratifícase no primeiro emitido.

Desta volta, o promotor responde solicitando que o IET lle sinala os aspectos concretos a ter en conta para o estudo de alternativas que permitan diminuír os supostos impactos críticos sobre a paisaxe e facer viable o proxecto.

Nun terceiro e último informe, o IET expón o marco normativo no cal se basean os seus informes e que determina o contido e alcance dos mesmos e cómo se integran no procedemento administrativo de autorización do proxecto, remitíndose de novo ao exposto no primeiro emitido.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, logo de expoñer uns antecedentes administrativos e un resumo do proxecto, efectúa unha análise da documentación na cal sinala que o lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e tampouco está comprendido dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. Sinala así mesmo que o proxecto non se localiza sobre ningunha das áreas húmidas recollidas no Inventario Galego de Humidais (Decreto 127/2008, do 5 de xuño) aínda que cita catro delas que se sitúan a distancias de entre 135 e 750 m das instalacións proxectadas. O proxecto non afecta a árbores ou formacións senlleiras (Decreto 67/2007, do 22 de marzo) nin tampouco a áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección das publicadas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión. Sinala que se localiza na Serra da Groba e indica que de conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*) 4030 breixeiras secas europeas e 4020* breixeiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. Recollen logo nunha táboa as especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril) cuxa distribución coincidiría coas cuadrículas UTM 10x10 nas que se sitúa o proxecto. Non obstante, indican que a dita información proporciona unicamente unha primeira aproximación. Sinalan tamén que o proxecto está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus*, aprobado mediante o Decreto 75/2013, do 10 de maio, nunha área tipificada como potencial. Polo demáis, a zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se estean elaborando na dita dirección xeral.

O informe incorpora logo un extenso resumo das observacións efectuadas polo seu Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, que entre outras cuestións sinala que na visita de campo localizaron 6 charcas temporais e describen as posibles afeccións, describen tamén os hábitats de interese comunitario observados na zona, indicando que as extensións de 4020* son maiores que as sinaladas no EslA. Mencionan outras especies de flora e fauna asociadas ás ditas charcas. Incorporan numerosas consideracións en canto á avifauna, quirópteros e demais fauna, así como a hábitats e flora potencialmente presentes na área de actuación. Inclúen tamén consideracións sobre as medidas protectoras e correctoras propostas no EslA, apuntando que carecen dunha definición precisa que permita a súa execución en términos precisos.





Conclúe a dita dirección xeral, á vista de todo o indicado, que a documentación achegada pon de manifesto a ausencia das consideracións ambientais no deseño do proxecto, detectando aspectos moi singulares e vulnerables que se poden ver afectados de maneira significativa, o que lles leva a considerar a documentación como inadecuada. Refiren logo un extenso relatorio dos aspectos a desenvolver, mellorar e incorporar ao expediente para poder chegar a facer unha boa análise e avaliación do proxecto e considerar, de ser o caso, a integración do mesmo na contorna desde o punto de vista do patrimonio natural e a biodiversidade.

O promotor responde ao dito informe cun escrito no que basicamente menciona os apartados do EsIA nos que figura información relativa aos aspectos indicados pola dirección xeral, sen chegar a desenvolver, ampliar ou mellorar, salvo cuestións moi puntuais, ningún dos requirimentos.

O órgano substantivo remitiulle o dito escrito á citada dirección xeral, sen que conste no expediente unha contestación por parte desta.

Dado que na dita resposta o promotor acude de novo ao argumento (ao igual que fixera nunha das respostas aos informes do IET) de que este proxecto emprega as mesmas posicións que o proxecto orixinal que obtivo DIA o 16.12.2011, convén traer a colación aquí o recollido nos apartados de *Antecedentes* e de *Resumo da tramitación*, ao respecto de que, con base na disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a referida DIA perdeu a súa vixencia e cesou na produción dos efectos que lle son propios, e que o expediente ambiental obxecto desta nova proposta estase a tramitar ao abeiro da normativa que actualmente lle resulta de aplicación.

- Respecto dos restantes informes incluídos no expediente remitido polo órgano substantivo, pódese indicar resumidamente o seguinte:
 - A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, logo de expoñer no seu informe uns amplos antecedentes en relación co expediente orixinal nos que fai un resumo da avaliación do impacto daquel proxecto sobre o patrimonio cultural, efectúa unha análise polo miúdo do contido do EsIA e recolle unha serie de consideracións técnicas sobre a avaliación cultural, nas que dá conta dos posibles impactos sobre os distintos elementos culturais existentes na zona e avalía a suficiencia ou non das medidas preventivas e correctoras propostas na documentación achegada, para finalmente informar de xeito favorable o EsIA condicionado a que se leven a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo H do estudo e outra serie de condicións e consideracións recollidas no seu informe.
 - A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un informe no que estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é medio-baixo, sen prexuízo de que se o proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.
 - A Dirección Xeral de Saúde Pública sinala que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización, polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas. A continuación efectúa unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición, concluíndo que o EsIA non recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que considera oportuno que o promotor complete o estudo.





En contestación ao dito informe o promotor achega un escrito con diversa información, acompañado dun *Estudio de cálculos magnéticos*. A dirección xeral emite un informe complementario no que efectúa algunha matización sobre a resposta aos requirimentos relativos ao ruído e ás condicións da auga sanitaria.

O promotor responde cun novo escrito no que indica que terá en conta as consideracións do dito informe e achega o documento *Modelización acústica del impacto sonoro generado por la subestación Barrantes. Parque eólico Albariño I. Marzo 2022*. O órgano substantivo remitiulle a dita contestación á citada dirección xeral, sen que conste no expediente unha contestación posterior por parte dela.

- A Axencia Turismo de Galicia indica que dado o alcance das actuacións que se pretenden desenvolver e segundo o estudo de impacto turístico achegado, pódese concluír que o impacto do proxecto no turismo rural local e na súa contorna é reducido.
- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remite o informe do Servizo de Montes de Pontevedra, quen efectúa unha análise das distintas alternativas consideradas no EslA, describe as afeccións e as medidas correctoras e conclúe que coa instalación do parque existe unha afección á vexetación pola súa eliminación e fragmentación, propoñendo o EslA medidas mitigadoras e correctoras e un plan de vixilancia.
- A Dirección Xeral de Defensa do Monte recolle no seu informe as prescricións da lexislación respecto das redes primarias de faixas de xestión de biomasa e informa favorablemente o proxecto sempre que se teñan en conta e se garanta por parte do promotor o abastecemento de auga para o depósito de carga de vehículos de extinción de incendios referido no informe do Distrito XVIII.
- Augas de Galicia emite un informe no que, logo de recoller uns antecedentes sobre o proxecto orixinal que no seu momento foi obxecto de DIA e citar a lexislación de aplicación, continúa cunha análise da documentación, centrándose na descrición do proxecto, na rede fluvial da área (detallando as afeccións detectadas ao medio hídrico), nas zonas protexidas e zonas inundables (sinala que non hai afección) e nos aproveitamentos hídricos (constan algunhas captacións no ámbito de actuación considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras). Segue cun apartado de consideracións sobre as accións do proxecto susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, inclúe unhas condicións particulares a ter en conta no desenvolvemento do proxecto e remata sinalando que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar e sempre que se consideren as directrices que figuran no seu informe.
- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil emite un informe no que tras describir o proxecto e a zona de actuación, efectúa unha serie de consideracións sobre os seus principais impactos e recolle diversos aspectos que deben describirse adecuadamente e diversas medidas preventivas e correctoras que deben incorporarse ao proxecto de cara á tramitación da solicitude de autorización para as actuacións no ámbito do dominio público hidráulico e as zonas de servidume e policía de leitos.

O promotor responde cun escrito no que efectúa diversas matizacións e consideracións, aclara algunhas das cuestións suscitadas e, en xeral, adía a presentación de información ou medidas concretas ao momento en que tramite as autorizacións oportunas ante o organismo de cunca. Non consta no expediente que a dita contestación se lle remitise ao organismo de cunca.

- O Concello de Tomiño emite un informe sobre o proxecto de execución, a separata técnica, o EslA e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. No tocante ao EslA, considera insuficientes a identificación, descrición e análise das afeccións do proxecto sobre determinados elementos do medio e a descrición dalgunhas características do proxecto. Indica tamén que non se detallan suficientemente as medidas propostas para mitigar os efectos derivados da implantación do proxecto de cara a poder avaliar a súa eficacia, limitándose en bastantes casos a ser unha mera declaración de intencións.





O promotor responde mediante un escrito de reparos no que cita os apartados do EsIA onde figuraría a información aludida polo concello, considerando suficiente o estudo presentado sen ampliar ningún dos aspectos solicitados. Non consta no expediente que o dito escrito se lle remitise ao concello.

- Para os referidos informes constan no expediente escritos de conformidade do promotor ou ben, como xa se indicou nalgún deles, de desconformidade ou de resposta ao seu contido, xuntando en certos casos documentación complementaria que se incorporou ao expediente.
- Os concellos de Baiona e Oia non emitiron informe sobre o EsIA, achegando o órgano substantivo copia das solicitudes de informe efectuadas pola unidade tramitadora, quen considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a súa emisión.
- Así mesmo, consta un informe da Xefatura Territorial de Pontevedra da entón Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle un resumo das características técnicas do proxecto e da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal conclúe que procede continuar coa tramitación do expediente.
- No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan 3.206 presentadas por diversas asociacións, plataformas, colectividadeas varias, comunidades de montes, entidades locais, grupos políticos e particulares, que en sentido amplo versan sobre os valores naturais da Serra da Groba, o patrimonio cultural, a paisaxe, o patrimonio natural e a biodiversidade, a rede hidrolóxica e a calidade das augas, o solo, o impacto acústico, a saúde da poboación, insuficiencia da información contida no EsIA ou deficiente avaliación dalgúns aspectos, cuestións de índole normativa e aspectos relativos ao proxecto orixinal. Convén indicar que moitas delas conteñen aspectos alleos ao ámbito competencial do órgano ambiental, que non atinxen ao ámbito da avaliación de impacto ambiental de proxectos ou que son competencia do órgano substantivo no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende dos informes do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en canto aos efectos significativos do proxecto sobre a paisaxe e a súa insuficiente integración cos distintos elementos do patrimonio natural e a biodiversidade, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

Conforme
Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto do parque eólico Albariño I, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.





Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

